



Vigo, 7 de novembro de 2019.

Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo **EXPÓN:**

- Que o día 24 de Outubro de 2019 Local do Concello de Vigo aprobou en sesión extraordinario e urxente o proxecto de orzamentos xerais do Concello de Vigo para o ano 2020 (Expediente 62/142)
- Que o día 30 de outubro celebrouse a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda na que se deu traslado aos grupos municipais dunha copia do mencionado expediente acordándose abrir un prazo de emendas ata o día 7 de novembro de 2019

De conformidade cos artigos 81 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello formula as seguintes

EMENDAS

PRIMEIRA.- Á TOTALIDADE DO PROXECTO

O proxecto de Orzamentos supón un incremento de 10.141.238,71 Euros sobre o orzamento do ano 2019. Incremento que se basea substancialmente nun incremento nos tributos municipais.

Tendo en conta os datos da previsión de ingresos e o informe económico – financeiro do orzamento contido no proxecto, resulta o seguinte:

	2020	2019	VARIACION
1 IMPOSTOS DIRECTOS	113.296.218,00	108.960.818,00	4.335.400,00
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	8.708.898,82	8.493.508,00	215.390,82
3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	41.598.359,71	40.616.825,53	981.534,18
total variación			5.532.325,00

A propia Concellería de Facenda cifra o incremento de ingresos nos impostos directos nun 3,98% respecto ao 2019 e os indirectos nun 2,54% respecto das previsións do exercicio 2019 . A previsión por taxas e outros ingresos subirá un 2,25% segundo.

Eso supón un importante incremento dos ingresos tributarios por habitante, que dende 2007 a 2017 se incrementou nun 19%

Ano 2007: 452,31 euros

Ano 2017: 558,18 euros

A presión fiscal no mesmo período, de 398,55 Euros en el 2007 a 510,84 en el 2017. Un 18, 5% MÁIS

Este incremento constante dos tributos municipais, que para o ano 2019 é do 2,5% con carácter xeral é moi superior ao IPC.

Porén, este incremento dos tributos non se acompaña dunha axeitada execución orzamentaria, que no terceiro trimestre do 2019 foi 53,43%.

O mesmo cabe dicir respecto das liquidacións orzamentarias, na que os dereitos recoñecidos veñen superando ás obrigacións recoñecidas netas ano tras ano. O exceso de ingresos só no ano 2017 foi de preto de 21 M de Euros e no propio informe sobre Regra de Gasto se calcula unha media nos últimos exercicios dunha inexecución de 19.746.522,32 no Concello e 1.100.324,41 na Xerencia de Urbanismo. Preto de 21 M de Euros: 20.846.846,73 €

Xa que logo defendemos que é posible non só non incrementar os tributos con que o Concello grava ás empresas e á cidadanía, se non tamén rebaxala e así o propuxemos nas nosas emendas ás ordenanzas fiscais para o 2019. Así solicitamos bonificacións para as empresas que creen emprego e para as persoas, exención de ingresos brutos anuais per cápita coincidentes co IPREM.

É preciso insistir na necesidade de non incrementar a carga fiscal sobre as empresas e as familias e reiterar a necesidade de que os tributos para o ano 2020 non se incrementen.

Por outra banda, se trata duns orzamentos no que se consolida e incrementa o gasto corrente, pasando os capítulos I e II dun total de 191.150.135,81 € no ano 2019 a 198.243.244,84 € sobre un orzamento total de 265.774.432,07.

O capítulo IV, as transferencias ás familias, empresas e entidades apenas sube un 1% e o Capítulo VI, investimentos reais, apenas sube 1 M: 968.499,97.

Trátase de orzamentos profundamente insolidarios, inxustos e baseados nun maior esforzo fiscal, con moito gasto corrente e pouco investimento, do que non se beneficiarán nin as familias, nin as empresas, nin as entidades sen ánimo de lucro

Por todo o exposto, presentamos emenda a totalidade do proxecto para súa devolución á Xunta de Goberno Local e a redacción dunha nova proposta na que non se incrementen os ingresos tributarios, se reduza o gasto corrente e se incremente o investimento. Nas emendas que seguen se poderá comprobar en cales gastos se pode minorar para compensar a perda de ingresos.

SEGUNDA.- Para o caso de non se estimar á emenda á totalidade, propoñemos á seguintes emendas parciais:

1.- Minoración de partidas orzamentarias

No estudo previo para a determinación de cumprimento da regra de gasto 2020 as execucións dos orzamentos de gastos nos derradeiros anos por capítulos son os seguintes:

% Execución Estado de Gastos Consolidado																						
Cap	2008		2009		2010		2011		2012		2013		2014		2015		2016		2017		2018	
	"O"	"RP"	"O"	"RP"	"O"	"RP"	"O"	"RP"	"O"	"RP"	O	RP	O	RP	O	RP	O	RP	O	RP	O	RP
I	92,45	97,35	91,86	98,02	94,96	99,86	95,13	99,35	91,57	99,54	96,58	99,8	97,11	99,81	93,96	99,83	94,24	99,89	90,11	99,96	93,09	99,86
II	90,49	79,87	89,67	80,17	89,94	80,57	95,69	82,42	94,75	82,47	96,06	88,01	95,27	86,78	93,07	92,79	92,47	92,52	92,37	91,83	91,43	96,26
III	82,39	95,7	25,5	98,12	17,61	89,01	56,99	100	50,81	100	38,91	100	49,38	100	11,45	88,21	10,67	100			,00	,00
IV	91,58	90,2	92,74	77,8	91,34	90,64	85,16	95,5	88,06	91,3	94,34	87,99	93,86	87,23	94,11	93,49	95,08	86,29	95,75	92,56	91,79	95,30
VI	46,11	67,6	68,34	89,79	55,37	86,32	82,88	93,02	72,48	78,44	63,74	82,88	35,42	66,90	30,21	78,60	30,01	68,88	51,43	83,88	57,44	88,87
VII	56,71	20,66	67,6	19,02	24,99	82,43	13,36	83,46	79,72	98,64	52,31	91,37	28,55	79,31	18,40	42,13	26,10	64,68	27,61	78,34	7,90	78,03
VIII	73,6	91,29	79,98	99,46	75,19	91,97	77,94	92,26	85,84	91,91	76,98	91,98	85,08	100	73,08	94,64	68,00	91,45	63,40	95,78	73,59	100
IX	100	96,59	98,86	84,51	98,4	85,34	98,35	100	99,36	100	99,84	100	100,00	100	100,00	82,19	100,00	100,00	,00	,00	,00	,00
Tot.	82,16	81,19	83,03	84,81	79,01	87,66	89,99	90,5	90,4	89,04	93,03	92,29	89,53	90,84	89,93	93,44	86,59	93,42	84,74	93,33	80,31	95,48

Advertimos xa que no ano 2018 o total de obrigas recoñecidas sobre o total do orzamento foi do 80,31%, o máis baixo dos últimos dez anos, o que acentúa esa inexecución que vimos observando. Nomeadamente, no capítulo II a execución nos últimos tres anos non chegou ao 93%, o que permite sen problema algún unha minoración do 7% de ese capítulo que se reduciría en 8.975.055,17 € pasando de 128.215.073,84 € a 119.240,018,67 euros.

É perfectamente posible, atendendo a execución orzamentaria real do Capítulo II reducir o seu importe e, ao tempo, reducir os ingresos en idéntica contía suprimindo os incrementos nos tributos e mesmo reducíndoos.

Dito esto, entendemos que esa execución real debe axustarse para permitir o incremento previsto no Servizo da Axuda no Fogar de 495,000 Euros e un incremento de 1 M de Euros nas partidas de emerxencia social, polo que solicitamos unha minoración total no Capítulo II de 7.500.000 €

TOTAL IMPORTES QUE SE MINORAN: 7.500.000 €

Como vemos, é perfectamente posible unha minoración dos ingresos tributarios previsto non aplicando suba algunha e mesmo bonificando o reducindo os tipos minorando partidas sen prexuízo algún no custo dos servizos.

De non estimarse esa redución de ingresos e a correlativa de gastos no capítulo II, poden destinarse estas cantidades logo da minoración aos gastos que a continuación se expresan.

2.- Partidas de nova creación

CAPÍTULO	CONCEPTO	IMPORTE
6	PASEO SAMIL-BOUZAS.	1.500.000
6	REFORMA PRAZA DA MIÑOCA	1.000.000
6	PAVILLON DE MATAMÁ	1.000.000
6	REFORMA PASEO LAGARES	600.000
6	MELLORA ACCESOS C.E.I.P PÁRROCO DON CAMILO	400.000
6	REFORMAS PAVILLÓNS E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS	1.000.000
6	HUMANIZACIÓNS REFORMA INTEGRAL RÚAS CASCO VELLO BOUZAS	1000.000
6	REFORMAS MERCADOS MUNICIPAIS	500.000

3.- Partidas a incrementar

CAPIT.	DENOMINACION	DOTACION INICIAL	INCREMENTO	DOTACIÓN FINAL
2	Axudas a familias e fondo emerxencia	922.000	500.000	1.422.000
2	Axuda alugueiro, emerxencias, c. Enerx.	1.555.000	500.000	2.055.000
4	Plan de dinamización comercial	75.000	250.000	325.000
4	Subvencións pequeno comercio	50.000	250.000	300.000

TOTAL IMPORTES QUE SE INCREMENTAN: 7.500.000 €

CONSIDERACIÓN FINAL

Entendemos que procede unha revisión completa do orzamento para o ano 2020 tanto dende a perspectiva dos ingresos, estabilizando ou mesmo reducindo a carga fiscal; como a de gastos, reducindo gasto corrente para axeitalo ao gasto realmente executado.

Cremos que é responsabilidade do goberno realizar os axustes correspondentes e o lóxico sería a elaboración dunha nova proposta. Porén, nas nosas emendas argumentamos como é posible reducir ingresos contra o gasto corrente, que sería o idóneo ou mesmo manter os ingresos e gastos actuais incrementando o investimento e o gasto social.

Sabemos que a práctica habitual é a desestimación íntegra de emendas, pero o que realmente procedería un verdadeiro exercicio de responsabilidade e de respecto democrático realizando unha negociación real que tivese en conta algún dos fundamentos que expoñemos ao longo do presente escrito.

Vigo, a 7 de novembro de 2019.

Alfonso Marnotes González.

Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular